



# MODEPEN

Movemento Galego pola  
Defensa das Pensións e os  
Servizos Públicos

Movemento Galego pola Defensa das  
Pensións e os Servizos Públicos  
(MODEPEN)

# ESTATUTOS 2024

Con data do 14-11-2024 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2016/020386-1.



## MODEPEN

Movemento Galego pola Defensa das  
Pensións e dos Servizos Sociais Públicos



Movemento Galego pola Defensa das  
Pensións e dos Servizos Públicos

1

CVE: 1ncWM6jXB6g7  
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>



## CAPÍTULO I

### NORMAS XERAIS

**Artigo 1.-** O Movemento Galego pola Defensa do Sistema Público de Pensións (en adiante MODEPEN) constituíuse, por tempo indefinido, en Pontevedra, ao abeiro dos artigos 22 e 53 da Constitución Española de 1978 e da Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo, BOE 73/2 de 26 de marzo.

Na súa III Asemblea Xeral realizada en Boiro o 18/07/2020, o MODEPEN, mantendo o acrónimo, modificou o seu nome e pasou a denominarse **Movemento Galego pola Defensa das Pensións e os Servizos Públicos**.

**Artigo 2.-** O MODEPEN declárase unha entidade sen ánimo de lucro, baseado nos principios de igualdade, solidariedade, liberdade, xustiza e o pluralismo político.

**Artigo 3.-** Terán a condición de membros do MODEPEN os e as pensionistas, así como calquera outra persoa maior de idade vinculada á problemática dos pensionista, que desexando libremente pertencer ao MODEPEN, acepten e defendan os seus obxectivos, estatutos, ideas-marco, e táboa reivindicativa, e paguen a cota na contía e forma que determine a Asemblea Xeral do MODEPEN, a partir dunha cota mínima mensual de 1 euro. Os nomes de membro, socio/a ou inscrito/a do MODEPEN son sinónimos.

**Artigo 4.-** O MODEPEN ten como fins a defensa do Sistema Público de Pensións tanto contributivas como non contributivas, así como a defensa e promoción de todos servizos públicos (sanidade, servizos sociais, ensino, ...) dirixidos ao conxunto da poboación, e de xeito máis específico dirixidos ás persoas pensionistas.

**Artigo 5.-** O MODEPEN defínese como un movemento social, que ten como obxectivos fundamentais a defensa dos intereses económicos e sociais das persoas pensionistas. O MODEPEN estrutúrase como un movemento social democrático, horizontal, baseado no principio de “unha persoa un voto”, asembleario, participativo, plural e transversal, e plenamente independente dos partidos políticos e sindicatos.

O MODEPEN está aberto á máis estreita colaboración solidaria con todos os colectivos humanos dispostos a defender a xustiza social, e os intereses das persoas traballadoras e pensionistas.

**Artigo 6.-** Entre os principios organizativos que caracterizan ao MODEPEN, inclúense

- o dereito á discrepancia pública non só interna senón tamén externa, sempre que non contradigan os principios ideolóxicos ou os obxectivos do MODEPEN sinalados no Artigo 7.
- a soberanía das Plataformas Territoriais na toma de decisións,
- a non elixibilidade para os órganos de goberno internos do MODEPEN, daquelas persoas que ocupen (ou ocuparon nos 12 meses anteriores) cargos internos de responsabilidade (a nivel local ou supralocal) en organizacións políticas ou sindicais, ou cargos institucionais públicos (deputados/as, concelleiros/as, ...) en representación desas organizacións.
- o dereito á presenza directa de calquera membro do MODEPEN en calquera xuntanza orgánica deste.
- Nos procesos electorais internos do MODEPEN, as candidaturas respectarán, sempre que sexa posible, a pluralidade de xénero. De concorrer varias listas, serán abertas e cada unha acadará a representación que lle outorgue a aplicación dun sistema proporcional.

**Artigo 7.-** Son obxectivos do MODEPEN:



1. A loita pola permanencia do Sistema Público de Pensións e a potenciación do mesmo, para garantir as percepcións dos/das actuais pensionistas e dos/as que no futuro se incorporen.
2. A igualdade das prestacións sociais entre homes e mulleres
3. A mellora da información e a formación das persoas pensionistas sobre os problemas que lles afectan.
4. A realización de accións sociais, culturais e reivindicativas, para a consecución das prestacións de xubilación, invalidez e asistenciais de tódolos traballadores e traballadoras.
5. Demandar da Administración que cumpra de maneira dilixente as obrigas constitucionais relacionadas coas pensións e as prestacións sociais que figuran no Artigo 50 da Constitución<sup>1</sup>, así como promover os cambios precisos no texto constitucional para que o recollido nese artigo supere o seu actual carácter meramente declarativo, e se converta nun dereito que a administración teña a obriga de garantir e que os cidadáns poidan reclamar diante dos tribunais.
6. A promoción do benestar e da existencia de servizos públicos (sanidade, servizos sociais, ...), dirixidos ao conxunto da poboación e mais especificamente aos pensionistas, universais e de calidade .
7. A existencia duns Servizos Sociais dirixidos aos maiores e dependentes (atención no fogar, centros de día, residencias, ...) 100% públicos universais e baseados no respecto á decisión persoal de envellecer na propia casa, tendo como elemento central os servizos de proximidade, axeitados ás particularidades de cada caso específico.

**Artigo 8.-** A financiación do MODEPEN ten como fonte fundamental as cotas dos seus membros. As Plataformas Territoriais aportarán mensualmente á caixa nacional o 20% dos ingresos que teñan polas cotas dos seus membros.

O MODEPEN renuncia expresamente a solicitar ou percibir subvencións de ningún organismo público ou privado, co fin de non estar condicionado no exercicio das súas reivindicacións.

O MODEPEN poderá ter outras fontes de ingresos complementarios alén das cotas periódicas dos seus membros, como por exemplo a venda de chapas, camisetas, rifas, ...

En casos de conflitos legais o MODEPEN poderá percibir indemnizacións ou reparacións polos prexuízos sufridos.

**Artigo 9.-** O MODEPEN é unha organización de ámbito nacional galego, plenamente soberana na súa toma de decisións, mais que tamén ten unha clara vontade de actuación a nivel estatal, europeo e mundial, en coordinación con outros movementos de pensionistas para facer máis eficaz e eficiente a defensa dos intereses das persoas pensionistas.

**Artigo 10.-** A sede social do MODEPEN será en Avda. de Vigo 62, Chapela-Redondela, C.P. 36320, Pontevedra. Podendo trasladarse deste local cando así o acorde a Asemblea Xeral.

**Artigo 11.-** O idioma galego será prioritario nas comunicacións coas institucións, entidades, socios/as e co público en xeral. Os comunicados e manifestos acordados nas distintas mesas de coordinación estatal serán traducidas á lingua galega antes de seren publicados na páxina web, no WhatsApp e en formato de papel por MODEPEN.

**Artigo 12. -** Compete tamén ao MODEPEN a protección xurídica, administrativa e técnica dos seus dereitos e da situación de inferioridade, subordinación ou indefensión.

<sup>1</sup>Artigo 50 da Constitución Española: "Os poderes públicos garantizarán, mediante pensións adecuadas e periodicamente actualizadas, a suficiencia económica dos cidadáns durante a terceira idade. Ao tempo, e con independencia das obrigas familiares, promoverán o seu benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán os seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e ocio".



**Artigo 13.-** O MODEPEN terá personalidade xurídica propia para conseguir os seus obxectivos e fins, coa capacidade precisa en calquera forma admitida en dereito, para mercar, vender, trocar, alugar, avalando ou solicitando préstamos. Tamén para facer reclamacións ante calquera organismo público ou privado, exercendo a defensa dos intereses dos/as asociados/as, podendo comparecer e estar por medio dos seus representantes legais.

**Artigo 14.-** O MODEPEN estrutúrase a dous niveis: territorial e nacional galego. A Asemblea Territorial e a Coordinadora Territorial son os órganos de goberno do MODEPEN a nivel Territorial. A Asemblea Xeral (Ordinaria e/ou Extraordinaria) e o Consello de Coordinación Nacional, son os órganos de goberno do MODEPEN a nivel nacional.

## CAPÍTULO II

### DEREITOS E DEBERES dos inscritos no MODEPEN

**Artigo 15.-** Son dereitos dos/das membros do MODEPEN:

- Participar activamente en cantos actos organice o MODEPEN.
- Asistir con dereito a voz e voto ás Asembleas Territoriais e Xerais que se fagan.
- Elixir e ser elixido para tódalas funcións representativas e de coordinación do MODEPEN.
- Poder asistir, con voz mais sen voto se non é membro electo, ás xuntanzas da Coordinadora da Plataforma Territorial da que forme parte, así como do Consello de Coordinación Nacional do MODEPEN.
- Expoñer e facer propostas nas Asembleas Territoriais e na Asemblea Xeral do MODEPEN, así como transmitir as súas percepcións e opinións á súa Coordinadora Territorial, ao Consello de Coordinación Nacional, ou ao Grupo Dinamizador Nacional do MODEPEN
- Utilizar os servizos que poida establecer o MODEPEN e percibir as melloras que se consigan.
- Examinar as contas de gastos e ingresos do MODEPEN.

**Artigo 16.-** Son deberes dos/das asociados/as do MODEPEN :

- Cumprir as normas estatutarias e os acordos validamente aprobados pola Asemblea Xeral.
- Cooperar no traballo e fins do MODEPEN.
- Satisfacer en forma e tempo as cotas que aprobe a Asemblea Xeral.

**Artigo 17.-** O cese na condición de socio/a do MODEPEN, temporal ou definitivo, producirase:

- Por desexo do/da asociado/a.
- Por non pagar a cota previo requirimento da Coordinadora Territorial correspondente, ou do Consello de Coordinación Nacional.
- Cando a proposta do Consello de Coordinación Nacional, se estime conveniente por:
  - incumprimento dos Estatutos.
  - utilización do MODEPEN para fins alleos.
- Antes de que unha persoa sexa cesada na súa calidade de membro do MODEPEN, será preciso a apertura do correspondente expediente, que incluíra a audiencia do/da interesado/a, con carácter previo á expulsión, podendo presentar recurso diante do Consello de Coordinación Nacional ou da Asemblea Xeral. Porén non terá dereito a calquera indemnización nin devolución das cotas.





## CAPÍTULO III

### ESTRUTURA ORGANIZATIVA

#### Artigo 18.- Estruturas Territoriais do MODEPEN

1. En cada concello, ou agrupación de concellos, constituirase unha Plataforma Territorial coas persoas do MODEPEN que vivan ou traballen (se prefiren) nese territorio.
2. Cada Plataforma Territorial, de ámbito municipal ou supramunicipal, deberá contar cun mínimo de 10 persoas. De non chegarse a esa cifra, as persoas do concello respectivo deberán integrarse na Plataforma Territorial máis próxima. As/os membros do MODEPEN de dous ou máis concellos adxacentes poderán constituír de maneira voluntaria unha Plataforma Territorial que abrangue varios concellos.
3. O máximo órgano de decisión de cada Plataforma Territorial será a súa Asemblea Territorial, que deberá reunirse cando menos 1 vez ao ano.
4. Cada Asemblea Territorial elixirá unha Coordinadora Territorial entre os seus membros. A duración do mandato da Coordinadora Territorial será, en principio bianual, e idoneamente será elixida nos 3 meses seguintes a Asemblea Xeral do MODEPEN.
5. As persoas elixidas, na Asemblea Xeral do MODEPEN, como integrantes do Consello de Coordinación Nacional serán membros de pleno dereito, con voz e voto, das súas respectivas Coordinadoras Territoriais.
6. A Coordinadora terá a responsabilidade de garantir que se leven adiante as decisións da Asemblea Territorial, e será a responsábel de ter ao día tanto o censo como o cobro das cotas da Plataforma, así como trasladar á Tesourería Nacional unha liquidación semestral de ingresos e gastos xustificadas para seren contabilizados na Conta Común do MODEPEN.
7. Cada Coordinadora Territorial, alén doutros vocais, deberá contar cun Portavoz e un Tesoureiro.
8. Unha Plataforma Territorial se considerará formalmente constituída cando xa realizou a Asemblea Territorial na que elixiu aos membros da súa Coordinadora Territorial e aos seus representantes no Consello de Coordinación Nacional, e estar ao día da aportación á Caixa Común do saldo semestral da liquidación.
9. Cada Plataforma Territorial que aporta cotas de socios/as e, se así o necesita, poderá solicitar á Caixa Común un Depósito para os seus gastos de funcionamento que liquidará semestralmente con xustificantes.
10. As Plataformas Territoriais son soberanas, e teñen plena capacidade para tomar as súas propias decisións en todos os asuntos. Mais a súa pertenza ao MODEPEN implica a aceptación dos seus Estatutos e Principios Ideolóxicos, así como das resolucións das súas Asembleas Xerais.


#### Artigo 19.- Estruturas Nacionais do MODEPEN

1. As instancias organizativas nacionais do MODEPEN son: a Asemblea Xeral, o Consello de Coordinación Nacional, e o Grupo Dinamizador Nacional.
2. A Asemblea Xeral é o máximo órgano de decisión do MODEPEN, e todas as persoas que pertencen a algunha Plataforma Territorial poderán participar nela. A Asemblea Xeral deberá reunirse cunha periodicidade mínima anual.
3. O Consello de Coordinación Nacional será o máximo órgano de decisión do MODEPEN entre Asembleas Xerais, e deberá ter cando menos 1 xuntanza trimestral. Terá a seguinte composición:
  - a) As 25 persoas elixidas nunha Asemblea Xeral Extraordinaria como membros do Consello.





- b) 1 representante de cada Plataforma Territorial formalmente constituída, elixido/a na correspondente Asemblea Territorial.
  - c) Representantes de cada Plataforma Territorial proporcionalmente ao número de inscritos que esta teña, e que estean ao tanto da súa cota: cada Plataforma elixirá como mínimo 1 representante máis, por cada 30 persoas afiliadas, ou fracción superior a 15.
4. O Grupo Dinamizador Nacional será elixido nunha Asemblea Xeral Extraordinaria do MODEPEN. Estará constituída por 11 persoas que se procurará que reflicten a diversidade territorial e de xénero do MODEPEN.
5. Todos os cargos do Grupo Dinamizador e do Consello de Coordinación Nacional, serán exercidos de forma gratuíta e terán unha duración de dous anos prorrogables.



## CAPÍTULO IV

### DOS ÓRGANOS DE GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

**Artigo 20.-** A Asemblea Xeral, órgano superior do MODEPEN, poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria, e sempre terá un carácter presencial, non sendo admisíbel que se realice por vía telemática. A elección, composición da Mesa e Presidencia das asembleas corresponderá a toda á Asemblea en presenza, e partirá de propostas directas, individuais ou colectivas, xurdidas do conxunto das persoas presentes con dereito a voto e refrendada coa conseguinte votación por maioría simple. Unha vez rematadas as sesións, a Mesa e presidencia da Asemblea quedarán automaticamente disoltas.



**Artigo 21.-** A Asemblea Xeral Ordinaria celebrarase unha vez ao ano, previa convocatoria por parte do Consello de Coordinación Nacional cun prazo mínimo de 1 mes antes da súa celebración, salvo que por urxencia do asunto a tratar o Consello de Coordinación Nacional estime a conveniencia de que se celebre nun prazo inferior.

**Artigo 22.-** A Asemblea Xeral Extraordinaria celebrarase cando o acorde o Consello de Coordinación Nacional por maioría de votos ou cando o solicite un 10%, ou máis, do conxunto dos/as socios/as do MODEPEN. Neste último caso farase a petición mediante escrito dirixido á Presidencia. Nese escrito, no que deberán figurar os nomes e apelidos das persoas solicitantes, así como as súas sinaturas e concello no que vivan, deberá ser explicado o motivo da convocatoria e a orde do día.

A convocatoria dunha Asemblea Extraordinaria deberá facerse cunha anticipación mínima de 1 mes.

**Artigo 23.-** As convocatorias das Asembleas Xerais realizaranse por escrito indicando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día coa expresión concreta dos asuntos a tratar cuxo último punto será o de rogos e preguntas ou varios. A Asemblea celebrarase en primeira convocatoria en presenza da metade máis un dos/as socios/as, e en segunda convocatoria, media hora despois, cos/as socios/as presentes.

**Artigo 24.-** Son competencia da Asemblea Xeral Ordinaria a aprobación, se procede, da memoria do ano anterior, presupostos e balance anual de ingresos e gastos, e a modificación das cotas ordinarias e extraordinarias.

**Artigo 25.-** Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- A elección ou revogación das/dos membros do Consello de Coordinación Nacional.
- Os acordos para federarse ou confederarse con outras entidades afíns de ámbito nacional, estatal, europeo ou internacional.
- A modificación dos Estatutos.
- A disolución da Asociación e a designación dos/das liquidadores/as.
- Ratificar a expulsión de asociados/as a proposta do Consello de Coordinación Nacional.
- Aprobar, no seu caso, o regulamento de réxime interno do MODEPEN.
- A disposición dos bens da Asociación.
- Todo asunto urxente ou extraordinario que afecte aos intereses dos/as asociados/das.
- Todas as competencias non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou ao Consello de Coordinación Nacional.

**Artigo 26.-** Na Asemblea Xeral Extraordinaria na que se vaian elixir os novos membros do Consello de Coordinación Nacional, o Grupo de Dinamización saínte terá a obriga de garantir que exista unha proposta de membros para aquel. Caso de non concorrer ningunha outra, os 11 primeiros conformarán o novo Grupo de Dinamización Nacional.

De existires outras, o novo Grupo de Dinamización resultará de aplicarlle ás mesmas o establecido no Artigo 6.

As persoas que formen parte da lista, ou listas, que opten a seren membros do Consello Nacional deberán ser socios/as do MODEPEN, estaren ao corrente no pago das cotas e teren una antigüidade mínima dun ano como socio/a e ser membro activo da Coordinadora ou Grupo Dinamizador da Plataforma á que pertenza.

O Grupo Dinamizador, que estará constituído por un Presidente/a, Secretaria/o, Tesoureiro/a e dos vogais que se precisen, terá a responsabilidade de executar os acordos do Consello Nacional, tomando decisións urxentes cando non haxa tempo para reunir o Consello, e levar a xestión cotiá do MODEPEN.

Con data do 14-11-2024 quedan visados e incorporados, neste rexistro, os presentes estatutos da asociación inscrita co número 2016/020386-1.

CVE: 1ncWM6XB6g7  
Verificación: <https://sede.xunta.es/cve>



**Artigo 27.-** As vacantes que se produzan durante o mandato dos membros do Grupo Dinamizador, poderán ser cubertas provisionalmente polo Consello de Coordinación Nacional, até a celebración dunha Asemblea Xeral Extraordinaria; estas substitucións rematarán no prazo previsto para os cargos substituídos.

Antes de finalizar o seu mandato o Grupo Dinamizador poderá ser substituído en parte ou na súa totalidade, mediante voto de censura presentado por un mínimo do 10% das persoas inscritas no MODEPEN, ou por un 30% das persoas do Consello de Coordinación Nacional. Dita proposta terá que ser tratada nunha Asemblea Nacional Extraordinaria.

**Artigo 28.-** O Grupo Dinamizador Nacional reunirse cando menos 1 vez ao mes con carácter ordinario, e sempre que sexa preciso. A convocatoria será realizada polo/a Presidente/a e o Secretario, ou por máis da metade do Consello Nacional.

As xuntanzas poderán ser presenciais ou telemáticas, e os acordos serán aprobados por maioría simple. O Presidente decidirá co seu voto en caso de empate.

Alén de levar adiante a coordinación global das actividades do MODEPEN, o Consello Nacional e no seu nome a Presidencia ou a Secretaría, realizará a convocatoria das Sesións do Consello de Coordinación Nacional, e establecerá a súa orde do día.

Os membros do Consello Nacional serán os responsábeis de coordinar os Grupos de Traballo de ámbito nacional que se creen.

**Artigo 29.-** As funcións do Consello de Coordinación Nacional do MODEPEN son as seguintes:

- Tomar as decisións máis relevantes entre as Asembleas Xerais.
- Convocar e fixar a data das Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias
- Desenvolver os acordos aprobados nas Asembleas Xerais.
- Elaborar plans de acción, balances e orzamentos.
- Aprobar a constitución dos Grupos de Traballo de ámbito nacional que se creen.
- Interpretar e velar polo cumprimento dos Estatutos.

**Artigo 30.-** As reunións do Consello de Coordinación Nacional deberán ser convocadas coa antelación suficiente, de cando menos 3 días, agás en caso de urxencia. A convocatoria enviarase a todos os socios/as de MODEPEN para posibilitar a súa participación no CN.

**Artigo 31.-** As funcións da Presidencia son:

- Convocar e presidir as xuntanzas do Grupo Dinamizador, do Consello de Coordinación Nacional, e da Asemblea Xeral.
- Autorizar coa súa sinatura tódolos documentos do MODEPEN, asinando xunto coa Secretaría ou coa persoa responsábel da elaboración do documento de que se trate.
- Adoptar as medidas urxentes para o mellor goberno e administración do MODEPEN.
- Subscribir contratos, interpor recursos administrativos e xudiciais e aceptar todo tipo de herdanzas no nome do MODEPEN, após do acordo da Asemblea Xeral.
- Firmar as actas, certificados e outros documentos do MODEPEN

**Artigo 32.-** O/a Vicepresidente/a ten a función de substituír ó/á Presidente/a.

**Artigo 33.-** O/a Secretario/a ten a función de redactar, asinar e levar o Libro de Actas das Asembleas Xerais, e das xuntanzas do Consello e do Grupo Dinamizador; emitir os certificados que sexan precisos, levar o Libro de Altas e Baixas de socios/as, así como o rexistro de entradas e saídas de correspondencia.

Ó/á Secretario/a correspóndelle tamén levar o inventario dos bens do MODEPEN nun libro establecido ao efecto.



**Artigo 34.-** A función do/a Tesoureiro/a será levar o Libro de Contas, custodiar os fondos sociais, facer os pagamentos e dispor dos fondos das entidades bancarias nas que o MODEPEN os teña depositados. Os movementos de contas deberá realizalos conxuntamente con dúas sinaturas das tres autorizadas. Estas sinaturas serán a do Presidencia, Tesouraría e outra persoa integrante do Grupo Dinamizador Nacional designado a tal efecto.

**Artigo 35.-** Os/as Vocais do Grupo Dinamizador Nacional, no número que designe a Asemblea Xeral, desempeñarán os traballos que lles sexan encomendados polo Consello de Coordinación Nacional.

**Artigo 36.-** Finalizado o mandato do Consello e do Grupo Dinamizador, ou a dimisión deste último, deberá ser convocada unha Asemblea Xeral Extraordinaria, na que se procederá a elección dos novos membros do Consello e do Grupo Dinamizador.

Poderán presentarse candidaturas até 10 días antes do día de celebración da nova Asemblea Extraordinaria.

As candidaturas estarán formadas por non máis de 25 persoas de cando menos 4 Plataformas Territoriais diferentes. Todas as persoas candidatas, deberán ser membros do MODEPEN cunha antigüidade mínima dun ano.

En caso de non presentarse ningunha candidatura, o Grupo Dinamizador saínte terá a obriga de presentar unha candidatura, ou propoñer a disolución do MODEPEN.

**Artigo 37.-** Unha vez elixido o novo Grupo Dinamizador, nunha xuntanza convocada ao efecto, nun prazo non superior a quince días, o Grupo Dinamizador saínte dará cumprida información da situación administrativa e económica do MODEPEN ao Grupo Dinamizador entrante. A mesma xuntanza deberá celebrarse tamén entre os/as membros saíntes e entrantes cando se faga unha substitución parcial.

## CAPÍTULO V

### RÉXIME ECONÓMICO

**Artigo 38.-** O MODEPEN, no momento de aprobación destes estatutos, carece de fondo social.

**Artigo 39.-** Para garantir a súa plena independencia, o MODEPEN renuncia a percibir subvencións de organismos públicos ou privados.

**Artigo 40.-** O MODEPEN manterase dos seguintes recursos:

- As cotas ordinarias dos/das socios/as.
- Cotas extraordinarias aprobadas pola Asemblea Xeral.
- Doazóns, legados ou herdanzas feitas ao MODEPEN.
- Rendas do patrimonio do MODEPEN.
- Calquera outro medio legal, non contradictorio cos fins do MODEPEN.

Periodicamente, a persoa responsábel de tesouraría de cada Plataforma Territorial e o da Tesouraría Nacional do MODEPEN, deberán revisar conxuntamente as contas da Plataforma Territorial correspondente.



## CAPÍTULO VI

### DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DO MODEPEN

**Artigo 41.-** O MODEPEN disolverase pola vontade dos/as socios/as aprobada nunha Asemblea Xeral, en cumprimento do artigo 39 do código civil, ou por sentenza xudicial firme.

**Artigo 42.-** O acordo de disolución requirirá a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria. Para a validez do acordo será preciso que sexa aprobado polas 3/4 partes dos/das presentes.

**Artigo 43.-** Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres socios/as liquidadores que, xunto ó/a Presidente/a e Tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

**Artigo 44.-** O haber resultante unha vez efectuada a liquidación, doarase a unha institución sen ánimo de lucro, preferentemente local, que teña como fin social a atención á terceira idade.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a vixente Lei Orgánica 1/2002 de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

**Estes Estatutos quedan redactados segundo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en San Sadurniño o 21 de setembro de 2024.**

*O Secretario:*

José Pedro Cuadrado Gago

*O Presidente*

Gonzalo Balo Mosquera

